

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analisando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1.

1.1.- Defina brevemente: CONDENSACIÓN, VIVENDA SOCIAL, BARBEITO, MUNICIPIO, ROCHA ÍGNEA, ALBEDO, ÉXODO RURAL, MACIZO.

1.2.- Na Figura A-1 aparece un mapa con cinco accidentes xeográficos. Cite vostede o nome correspondente a cada número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: Os desequilibrios demográficos en España.

1.4.- Comente vostede a Figura B-1.

OPCIÓN 2.

2.1.- Defina brevemente: CHUVIA ÁCIDA, SECTOR TERCIARIO SUPERIOR, ALTERITA, HÁBITAT CONCENTRADO, GARRIGA, DESALINIZACIÓN, POLÍGONO INDUSTRIAL, TORRENTE.

2.2.- Na Figura A-2 aparece representada a porcentaxe de produción hortofrutícola sobre a agraria total por provincias. Indique vostede cinco nas que aquela sexa superior ó 45%.

2.3.- Desenvolva a cuestión: Tipos de réximes fluviais dos ríos españois.


2.4.- Comente vostede a Figura B-2.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 1




FIGURA A-1



Temperatura media anual: 18,8°. Precipitacións anuais: 572 mm. Amplitude térmica anual: 17,5°.


FIGURA B-1

OPCIÓN 2



Producción hortofrutícola sobre la agraria total.

FIGURA A-2



Evolución del crecimiento natural de la población española (1860-1990).

FIGURA B-2

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: requírese unha breve definición en termos xeográficos. A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos: solicítase unicamente cita-los elementos. A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: valorarase a organización e a exposición de contidos. A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos: pídesse a correcta interpretación e explicación do documento, analisando as causas e consecuencias dos feitos expostos.

OPCIÓN 1.

1.1.- Defina brevemente: TRANSGRESIÓN MARÍÑA, FONTE DE ENERXÍA, TRASVASE, PENICHAIRA, POLO DE DESENVOLVEMENTO, RÉXIME FLUVIAL, PARROQUIA, AMPLITUDE TÉRMICA ANUAL.

1.2.- Na Figura A-1 aparece a trama das provincias españolas. Cite vostede o nome das sinaladas cun número.

1.3.- Desenvolva a cuestión: Rasgos xerais dos rebordos montañosos da Meseta.

1.4.- Comente vostede a Figura B-1.

OPCIÓN 2.

2.1.- Defina brevemente: CLIMA, CONURBACIÓN, BOSQUE CADUCIFOLIO, DIVISORIA DE AUGAS, AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL, VALOR ENGADIDO, PÁRAMO, TRASHUMANCIA.

2.2.- Na Figura A-2 aparecen os focos de contaminación atmosférica en España. Cite vostede aquelas Comunidades Autónomas que non presentan focos de contaminación atmosférica e as súas capitais.

2.3.- Desenvolva a cuestión: As transformacións da composición da poboación activa española.

2.4.- Comente vostede a Figura B-2.

XEOGRAFÍA

OPCIÓN 1



FIGURA A-1



Área del alcornoque (*Quercus suber*) en la Península Ibérica (Font Quer. P. 1956)

FIGURA B-1

OPCIÓN 2



FIGURA A-2




FIGURA B-2

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,25 puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpra o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto a definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

CONDENSACIÓN: Paso do vapor de auga atmosférico a estado líquido ou a estado sólido, despois de que o aire teña acadado a saturación de humidade. Pode ser por contacto (orballo, escarcha) ou no seno do aire, a expensas de núcleos higroscópicos (nubes, néboas).

VIVENDA SOCIAL: Casas construídas por iniciativa pública, destinadas ós estratos máis desfavorecidos da sociedade, que en ocasións sirven para facer desaparecer o chabolismo.

BARBEITO: Sistema de cultivo tradicional nos secanos españois que consiste en deixar en descanso a terra un período de tempo determinado, aplicándolle algunhas labores a fin de recuperar a súa capacidade productiva. Ligado ós sistemas de rotación de cultivos cerealísticos.

MUNICIPIO: Unidade territorial administrativa básica rexida por un concello elixido democráticamente, en que se divide oficialmente o territorio español. Normalmente, a capital coincide cun núcleo de poboación concentrado mentras o resto dos núcleos están dispersos, como no caso de Galicia.

ROCA ÍGNEA: Roca que procede da consolidación do magma, roca de orixe interna que carece de fósiles. Pode ser intrusiva, se está totalmente cristalizada ó enfriarse lentamente o magma, ou efusiva, ó saír bruscamente o magma ó exterior e enfriarse rapidamente, polo que non está cristalizada.

ALBEDO: Capacidade que teñen os corpos para reflectir a radiación solar, maior nos corpos claros ou brancos (neve, xelo) que nos escuros ou negros (lava).

ÉXODO RURAL: Abandono masivo da poboación de áreas rurais con dedicación agrícola que emigra cara as cidades que ofrecen postos de traballo na industria e os servizos, o que comporta un cambio da actividade económica da poboación e o despoboamento do campo.

MACIZO: Conxunto montañoso de materiais antigos ríxidos, que durante a oroxenia alpina non se plegan e se fracturan en bloques. Exemplos: Macizo Galaico, Sistema Central, etc.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no

mapa. A resposta adecuada é: 1. TER, 2. DUERO, 3. **MONTES DE TOLEDO**, 4. TURIA, e 5. CABO DE PALOS.

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base ós caracteres xeográficos máis relevantes do tema; valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: contrastes na dinámica natural, contrastes nas densidades de poboación a escala rexional e provincial, inversión de densidades centro-periferia, eixes de desenrolo-vacíos demográficos, diferencias na estrutura por idades, a España dinámica e a España que avellenta, evolución ó longo do século XX, causas e consecuencias dos desequilibrios, etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes:

- Climograma que representa as temperaturas (mediante puntos unidos cunha liña) e as precipitacións (mediante barras verticais) cunha escala vertical dobre das precipitacións con respecto ás temperaturas.

- Temperaturas algo contrastadas, aínda que cunha media elevada (das máis altas da Península Ibérica) e cunha amplitude térmica relativamente marcada entre un verán caluroso e un inverno non excesivamente frío, que nos fala dun certo alonxamento do mar e de certos matices de interior.

- Precipitacións escasas, cun mes, xulio, no que practicamente están ausentes. Segundo o índice de Gausson hai cinco meses áridos.

- Polo volume anual das precipitacións debemos orientarnos cara a España Seca, e pola aridez, cara o seu ámbito meridional.

- Polo reparto anual das precipitacións, estamos ante as características típicas do clima mediterráneo, aínda que o feito de que as meirandes precipitacións caian nos meses invernais antes que nos equinocciais debe conducirmos ó dominio da Depresión do Guadalquivir, afectada polas perturbacións que penetran polo Golfo de Cádiz.

- Caracteres da paisaxe bioclimática do dominio mediterráneo.

- Valorarase unha aportación crítica acerca dos problemas da aridez no ámbito mediterráneo e acerca das potencialidades do regadío para solventar os problemas dela derivados, así como sobre as circunstancias da fragilidade ecolóxica deste dominio.

OPCIÓN 2

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,25 puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto a definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

CHUVIA ÁCIDA: Tipo de precipitación que se produce nun medio contaminado, ou lonxe deste pola acción do vento, que se debe ó contacto dos óxidos de xofre e nitróxeno procedentes de emisións contaminantes, coas gotas de chuvia, ocasionando graves danos.

SECTOR TERCIARIO SUPERIOR: Tamén chamado sector terciario de decisións ou sector cuaternario, inclúe ás actividades administrativas, de xestión e financeiras, para permitir diferenciarlas do resto das heteroxéneas actividades que se integran no terciario.

ALTERITA: Produto da alteración da roca por meteorización mecánica ou química, de textura arenosa, que recubre a roca nai e facilita os posteriores procesos de erosión.

HÁBITAT CONCENTRADO: Disposición da expresión física da ocupación humana nun territorio, na que as vivendas se agrupan nun ou en poucos núcleos de tamaño destacado, bastante distantes entre si e separados por espazos despoboados.

GARRIGA: Tipo de formación arbustiva do ámbito mediterráneo, pouco densa, aberta, e xeralmente produto da degradación antrópica.

DESALINIZACIÓN: Procedemento de tratamento da auga do mar para convertila en doce con destiño ó consumo humano ou ó regadío, en rexións de déficit hídrico.

POLÍGONO INDUSTRIAL: Espacio delimitado e clasificado para albergar usos do solo industriais, promovido pola iniciativa privada ou pública, para orientar as decisións de localización empresariais.

TORRENTE: Organismo fluvial corto, de forte pendente, que discorre por terreos facilmente erosionables e que se desenrola nun clima caracterizado por precipitacións escasas pero moi concentradas. Consta de: conca de recepción, canle de desagüe e cono de dexección.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é indicar cinco das seguintes provincias: **TENERIFE, AS PALMAS, CASTELLÓN, VALENCIA, ALICANTE, MURCIA, ALMERÍA.**

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base ós caracteres xeográficos máis relevantes do tema; Valorarase a organización dos

contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: variedade de rexímenes fluviais, directa relación cos dominios climáticos, diversidade de vertentes, réxime pluvial (mediterráneo e oceánico), réxime pluvionival, réxime nivopluvial, réxime nival, rexímenes complexos, etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pueden citarse os seguintes:

- Gráfico de liñas no que sobre o seu eixe horizontal se indica a evolución temporal e sobre o vertical o volume, referentes á evolución do crecemento natural ou vexetativo da poboación española dende mediados do século XIX ata 1990.

- o crecemento natural é o resultado da diferenza entre a taxa de natalidade e a taxa de mortalidade, e expresa a dinámica natural dunha poboación, neste caso a española nese lapso temporal.

- a evolución non é regular pois presenta diversos altibaxos que van directamente ligados á evolución da natalidade e da mortalidade e a diversas circunstancias socioeconómicas coxunturais.

- o século XIX presenta moitos altibaxos debido a crises demográficas (cólera, tuberculose) que aínda afectan a España e que a individualizan dentro de Europa cunas taxas de mortalidade máis altas e de natalidade tamén máis altas, o que indica o retraso no desenvolvemento da transición demográfica.

- Xa no século XX destacan dous baixos importantes: o correspondente a 1918, derivado da última mortalidade catastrófica que afecta á poboación española (a epidemia de gripe) e o da guerra e inmediata posguerra civil, en que ás mortes directas debido ó conflito hai que engadir o brusco retroceso dos nacementos polas difíciles condicións de subsistencia.

- Tras un período de fluctuacións prodúcese unha grande recuperación da natalidade (o “baby boom”) dende 1955 a 1964 aproximadamente, e a partir de mediados dos anos sesenta, o crecemento natural descende de forma sostida debido sobre todo ó progresivo decrecemento da natalidade (máis claro dende metade dos setenta), xa que aínda que a mortalidade tamén descende, nos últimos anos tende a estabilizarse polo avellentamento xeral.

- Este cadro xeral presenta diferencias regionais en función da incorporación ó proceso da transición demográfica e o grao de desenvolvemento socioeconómico.

- Valorarase unha aportación crítica sobre diversos aspectos demográficos actuais, por exemplo o problema da renovación xeracional ante as baixísimas cifras actuais de natalidade e fecundidade e o papel que pode xogar niso a inmigración.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,25 puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto a definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

TRANSGRESIÓN MARIÑA: Ascenso xeral do nivel mariño como consecuencia da fusión dos xeos glaciares en períodos máis cálidos, e que se manifesta no avance do mar sobre as terras emerxidas.

FONTE DE ENERXÍA: Recurso natural do que se obtén a forza motriz para o desenvolvemento dun traballo mecánico na industria.

TRASVASE: Traslado de auga do cauce dun río a outro para aumentar o seu caudal, por medios artificiais.

PENICHAIRA: Superficie de erosión, cunha topografía plana e de escasos desniveis a certa altitude sobre o nivel do mar.

POLO DE DESENVOLVEMENTO: Zona delimitada oficialmente para lograr o seu desenvolvemento industrial, que recibe unha serie de medidas de apoio e vantaxes para as industrias que se establezan nela.

RÉXIME FLUVIAL: Fluctuación estacional do caudal dun río ó longo dun ano que depende xeralmente das características das súas fontes de alimentación

PARROQUIA: Territorio que abarca a varios núcleos de poboación baixo a xurisdicción moral dun sacerdote, de límites asumidos e coñecidos polos moradores, pero non recoñecidos xuridicamente, en Galicia.

AMPLITUDE TÉRMICA ANUAL: Diferencia entre a temperatura media do mes máis cálido e a temperatura media do mes máis frío ó longo dun ano.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: **1. VIZCAYA, 2. HUESCA, 3. TARRAGONA, 4. CÁCERES e 5. AS PALMAS.**

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base ós caracteres xeográficos máis relevantes do tema; Valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: cinturón de montañas intermedias rodeando a Meseta, estilo de plegamento e fractura, Macizo Galaico, Montes

de León, Montes Cantábricos, Sistema Ibérico, Serra Morena, aillamento da Meseta, rasgos de continentalización interior, etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos pueden citarse os seguintes:

- **Mapa-croquis temático** que representa de forma cualitativa a extensión dun fenómeno, neste caso a distribución dunha planta, o alcornoque na Península Ibérica.

- o alcornoque é unha árbore perennifolia, típica mediterránea con esixencias determinadas en humidade e tipos de solo, diferentes ós da encina.

- no mapa apréciase a súa primordial ubicación occidental, dentro da España seca algo máis húmeda por estar máis aberta cara o océano, e de temperaturas máis suaves.

- Tamén se aprecia a súa maioritaria coincidencia co ámbito da Iberia silícea, ó ser unha especie que non tolera os solos calizos.

- Poden comentarse a grandes rasgos os caracteres da paisaxe bioclimática no dominio mediterráneo e os ámbitos específicos en que aparecen as manchas de alcornoques.

- Valorarase igualmente a referencia ó aproveitamento económico desta planta así como o seu papel dentro do sistema das dehesas, e igualmente os problemas da deforestación e o papel do home na substitución de especies.

OPCIÓN 2

1.1.- Esta primeira pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, de maneira que cada concepto definido correctamente obterá 0,25 puntos. Requírese unha resposta breve e concreta que utilice termos con significado xeográfico, que cumpla o criterio fundamental de toda definición, é dicir, non repetir o concepto a definir na mesma. A modo de orientación preséntanse as definicións dos conceptos propostos:

CLIMA: Estado medio da atmósfera nun lugar, que deriva de factores latitudinais, longitudinais e xeográficos, e da sucesión habitual de tipos de tempo, constituindo unha abstracción matemática.

CONURBACIÓN: Crecemento paralelo de dúas ou máis cidades ata fundirse nunha única aglomeración urbana.

BOSQUE CADUCIFOLIO: Formación vexetal arbolada onde predominan árbores que perden temporalmente as follas (roble carballo, castaño, etc.).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

DIVISORIA DE AUGAS: Liña imaxinaria que separa dúas concas hidrográficas, coincide cos puntos máis altos do relevo e organiza a dirección das augas superficiais.

AGRICULTURA A TEMPO PARCIAL: Actividade agrícola que constitue un complemento económico duna actividade principal no propio sector primario (pesca), no secundario ou nos servizos, ou ben unha mera ocupación do tempo de ocio na periferia das cidades.

VALOR ENGADIDO: Incremento que experimenta o valor dun ben no transcurso das diferentes fases do proceso productivo.

PÁRAMO: Superficie estrutural máis ou menos elevada e horizontal, onde hai unha sucesión de materiais: calizos na parte superior, máis resistentes, cubrindo arxilas ou margas, facilmente erosionables.

TRASHUMANCIA: Tipo de pastoreo tradicional que segue o ciclo natural dos pastos, levando o gando alternativamente a áreas de condicións ambientais diferentes e complementarias.

1.2.- Esta segunda pregunta terá unha puntuación máxima de 2 puntos, a razón de 0,4 puntos por resposta correcta. Requírese a correcta cita dos elementos que se indican no mapa. A resposta adecuada é: **CANTABRIA (Santander), NAVARRA (Pamplona), LA RIOJA (Logroño), BALEARES (Palma de Mallorca), e EXTREMADURA (Mérida).**

1.3.- Esta terceira pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Solicítase que o alumno responda á cuestión proposta da forma máis completa posible, é dicir, planteando a resposta en base ós caracteres xeográficos máis relevantes do tema; Valorarase a organización dos contidos, o nivel explicativo do seu desenvolvemento, e a capacidade de establecer relacións comparativas. Requírese boa redacción sen faltas de ortografía. A modo de orientación algúns dos aspectos clave deste tema son: evolución descendente da poboación no sector primario e procesos paralelos, crecemento e freo do sector secundario, acelerada terciarización da poboación activa e procesos conexos (urbanización, éxodo rural, integración da economía no marco europeo), disparidades provinciais e rexionais,

relacións coas densidades de poboación e a urbanización, diferencias con outros países europeos, etc.

1.4.- Esta cuarta pregunta terá unha puntuación máxima de 3 puntos. Requírese a correcta interpretación do documento, valorando tanto a súa comprensión (lectura) como a súa explicación (análise) en termos, sempre que sexa procedente, de causas e consecuencias posibles. Como criterios orientativos poden citarse os seguintes:

- Climograma que representa as temperaturas (mediante puntos unidos cunha liña) e as precipitacións (mediante barras verticais) cunha escala vertical dobre das precipitacións con respecto ás temperaturas.

- Temperatura media anual relativamente elevada aínda que ó longo do ano as temperaturas medias mensuais están moi contrastadas ata marcar unha amplitude térmica anual considerable, de 17,8°. O verán é caluroso achegándose ós 25° e o inverno frío, rondando os 6°, o que nos fala dun alonxamento do mar e de matices de continentalización.

- As precipitacións son escasas, dentro da España Seca e case no límite da árida. O seu reparto anual é irregular e os máximos son claramente equinocciais, con mínimos claros na estación estival. Poden observarse ata 4 meses áridos segundo o índice de Gaussen.

- Polo volume e o reparto das precipitacións, estamos claramente ante as características do clima mediterráneo, aínda que polas extremadas temperaturas son evidentes tamén os matices de continentalización que nos deben levar cara ó ámbito dunha depresión como a do Ebro, ben aillada da influencia atemperadora das augas mariñas.

- Caracteres da paisaxe bioclimática do dominio mediterráneo e dos seus sectores máis áridos e extremados, como é o caso.

- Valorará unha aportación crítica acerca dos problemas da aridez no ámbito mediterráneo e acerca das potencialidades do regadío para solventar os problemas dela derivados, así como calquera alusión ó Plano Hidrolóxico Nacional, que afecta ás terras reflectidas neste climograma.